



**Expediente 2017031927**

**Decreto da Concellería de Comercio**

**Examinado o expediente de referencia tramitado no Negociado de Comercio e vistos os informes obrantes no mesmo; esta Concellería en uso das súas atribucións recibidas por delegación do Alcalde mediante decreto nº 2017002214 de 30 de marzo no Concelleiro Delegado de Comercio.**

**RESOLVE:**

1º Conceder una subvención a Asociación de Comerciantes del Centro Comercial Abierto Ourense Norte, con CIF G32392581, por importe de 6.000 euros, en concepto de axuda económica para sufragar os gastos da dinamización comercial programadas para o exercicio 2017, con cargo a partida 160 4312 48955 do presuposto vixente

2º Condicionar o libramento dos fondos comprometidos, á presentación dunha conta xustificativa comprensiva dos seguintes extremos:

- Instancia de solicitude de pagamento da subvención
- Memoria das actividades realizadas con documentos acreditativos da súa realización.
- Relación numerada de documentos xustificativos dos gastos soportados, con expresión mínima para cada actividade de: importe total, data e forma de pagamento, proveedor, conceptos e importe aplicado a subvención.
- Declaración por conceptos de ingresos obtidos por cada actividade
- Presentación de facturas orixinais e restantes documentos e valor probatorio, con validez no tráfico mercantil ou laboral, coa acreditación de estar pagadas no prazo de xustificación
- Certificación positiva de estar o corrente con Facenda e Seguridade Social
- Acreditación do pagamento farase:
- En pagamentos en efectivo os documentos virán conformados co pagado e selados polo proveedor, de ser persoa xurídica, ou asinados polo responsable do cobro, de ser persoa física.
- En pagamentos bancarios virán acompañados dos xustificantes bancarios de pagamento con indicación de datos, destinatario e, de ser o caso, conta de destino con identificación do titular.
- En todos os casos, as facturación, liquidacións e similares, que individual ou en conxunto, superen os 1000 euros por proveedor terán que xustificarse obrigatoriamente mediante pagamento bancario

3º Establecer como prazo máximo de xustificación o 30 de marzo de 2018.

4º Se declara expresamente que o porcentaxe subvencionable polo Concello non poderá exceder do 75% do coste da actividade

## REXIME DE RECURSOS

**Contra este acordo, que pon fin a vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou o que corresponda, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer vostede calquera outro recurso ou acción que estime procedente.**

Mándao e asíno a sra. Concelleira de Recursos Humanos e Comercio, en Ourense, a .